


CMUS



Reveriano Soutullo

PROGRAMACIÓN DE COMPOSICIÓN

GRAO PROFESIONAL

DEPARTAMENTO DE MUSICOLOXÍA

ÍNDICE

1. Introducción
 2. Obxectivos xerais das ensinanzas musicais
 - 2.1 Obxectivos xerais do Grao Profesional
 3. Obxectivos específicos das ensinanzas musicais
 - 3.1 Grao Profesional no itinerario de Composición
 - 3.1.1 Obxectivos
 - 3.1.2 Contidos
 - 3.1.3 Criterios de Avaliación
 4. Metodoloxía
 - 4.1 Principios metodolóxicos
 - 4.2 Métodos didácticos
 5. Atención á diversidade
 6. Temas transversais
 - 6.1 Educación en valores
 - 6.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)
 7. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas
 8. Secuenciación do curso
- Curso 6º GP
- 8.1 Obxectivos
 - 8.2 Contidos
 - 8.3 Avaliación
 - 8.3.1 Criterios de avaliación
 - 8.3.2 Mínimos esixibles
 - 8.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación
 - 8.3.4 Criterios de cualificación
 - 8.4 Medidas de recuperación
 - 8.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios
 - 8.4.2 Proba extraordinaria de setembro
 - 8.5 Recursos didácticos

1.- INTRODUCCIÓN

A presente programación didáctica se elabora a partir da lexislación vixente:

- Lei orgánica 2/2006
- Decreto 203/2007 do 27 de setembro

Os coñecementos adquiridos nos cursos precedentes polo alumnado, permitiránlle desenvolver durante este ciclo, determinadas destrezas de escritura, así como profundizar no coñecemento dos principais elementos e procedementos da linguaxe musical e a súa relación con as distintas técnicas compositivas.

O fin principal destes estudos será o de iniciarse no estudo da composición musical e comprender cada vez mellrs as obras musicais, para chegar a unha interpretación musical adecuada. Nesta materia quedan fusionadas os ensinos de harmonía e contrapunto. A materia de análise será parte fundamental do itinerario de composición.

Neste sentido ai que destacar que non se ve razón alguna para que o coñecemento dos alumnos que cursan fundamentos de composición sexa, neste aspecto, distinto do dos alumnos da materia de análise.

Nesta materia recóllese a práctica do contrapunto riguroso, o cal desenvolve a capacidade para elaborar e superponer liñas melódicas equilibradas e interesantes, e permite abordar a realización de obras relacionadas coa realidade musical. Polo tanto esta práctica terá como obxectivo esencial a realización de obras de música viva, en especial de motetes en estilo renacentista e obras de música vocal no estilo de Bach. Se procederá o estudio do contrapunto invertibel, o canon, e as distintas transformacións temáticas para abordar o estudio da invención.

Ademais o alumno experimentará cos procedementos dos estilos Barroco, Clásico e Romántico por medio da composición de pequenas pezas ou fragmentos realizados nestes estilos.

2.- OBXECTIVOS XERAIS DAS ENSINANZAS MUSICAIS

2.1- Obxectivos do Grao Profesional

O Decreto 203/2007 do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanza profesional indica no artigo nº2 que a súa finalidade é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, ordenándose en catro función básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para os estudos posteriores.

O Grao Profesional o longo dos 6 cursos pretende a consecución dos seguintes obxectivos:

- a) Habituar a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- b) Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- c) Analizar e valorar a calidade da música
- d) Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal

- e) Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.
- f) Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
- g) Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- h) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral e, a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa fomración musical.

3.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DAS ENSINANZAS MUSICAIS

Os obxectivos específicos ou capacidades que o alumno debe adquirir no grao profesional en música son os seguintes:

- a) Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que componen o currículo da especialidade elexida
- b) Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as función e as transformacións nos contextos históricos.
- c) Utilizar o oído interno comobase da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- d) Formar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable do conxunto.
- e) Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.
- f) Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que componen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.
- g) Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordó coas esixencias das obras.
- h) Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.
- i) Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos a das épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.
- j) Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

3.1 Grao Profesional no Itinerario de Composición

3.1.1 Obxectivos

O ensino do itinerario de composición terá como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- a) Coñecer os principais elementos e procedementos do contrapunto rigoroso e do contrapunto libre, e comprender a evolución das regras históricas (contrapunto severo), así como a súa relación cos estilos e cos épocas.
- b) Utilizar os principais elementos e procedementos estudados do contrapunto rigoroso e do contrapunto libre.
- c) Compor pequenas obras a partir dun esquema harmonico dado.
- d) Realizar pequenas obras libres para estimular o desenvolvemento da espontaneidade creativa
- e) escoitar internamente os elementos e os procedementos estudados, tanto na análise de obras como na realización de exercicios escritos
- f) Identificar os procedementos aprendidos a través da audición de obras ou exercicios escritos.
- g) Tocar nun instrumento polifónico a forma esquemática dos procedementos compositivos básicos estudados.
- h) Tocar nun instrumento polifónico os traballos realizados.
- i) Coñecer os instrumentos, as súas posibilidades e a técnica básica.

3.1.2 Contidos

Os contidos do itinerario de composición son os seguintes:

- a) Harmonía e contrapunto
- b) Contrapunto simple e composto
- c) Normas xerais harmónicas e melódicas do contrapunto
- d) Contrapunto rigoroso ou severo e contrapunto libre
- e) O cantus firmus
- f) Estudo do contapunto simple ou de especies a dúas, tres e catro voces.
- g) O contrapunto imitativo: a imitación directa, or movemento contrario, retrógada, retrógada contraria e por aumento e diminución.
- h) O canon: canon duplo á oitava, canon aberto e pechado, finito e infinito.
- i) Práctica do contrapunto simple ou de especies a dúas, a tres e a catro voces nas combinacións clásicas.
- j) Práctica da imitación transformativa, rigorosa e libre, por movemento contrario, retrógado, retrógado contrario e por aumento e diminución.
- k) Práctica do contrapunto libre

- l) Practica do canon a dúas voces á oitava.
- m) Coñecemento do coral a capella no estilo de J.S.Bach
- n) Composición de pequenas obras a partir de esquemas harmónicos dados.
- o) Composición de pequenas obras libres que empreguen textura de melodía acompañada e formas breves
- p) Coñecemento dos instrumentos da orquestra, a súa técnica e os seus recursos. Estudo analítico de contidos a partir da análise de obras ou fragmentos.
- q) Práctica auditiva e instrumental dos elementos e dos procedementos aprendidos que conduza á súa interiorización.

3.1.3 Criterios de avaliación

- a) Realizar exercicios de contrapunto simple ou especies a dúas, a tres e a catro voces nas combinacións clásicas. Se pretende avaliar a capacidade do alumno para crear liñas melódicas interesantes e equilibradas, así como a destreza na súa superposición, que permita abordar a realización de obras en que se presenten ademais problemas formais.
- b) Realizar imitacións utilizando as técnicas de imitación transformativa: movemento contrario, retrógrado, retrógrado contrario, aumento e diminución. Se avaliará a asimilación por parte do alumnado das técnicas de imitación transformativa e o seu funcionamento, así como a habilidade para obter o máximo partido da súa realización.
- c) Realizar canons por movemento directo a dúas voces á oitava. Tratarase de valorar a capacidade do alumnado para crear liñas melódicas interesantes cun funcionamento canónico sexa equilibrado harmónicamente e contrapuntísticamente, e orixine unha forma global coherente e proporcionada.
- d) Analizar corais a capella no estilo de J.S.Bach. se avaliará a capacidade do alumnado para recoñecer os elementos e os procedementos utilizados nas obras ou nos fragmentos propios deste xénero no estilo de J.S.Bach
- e) Escribir breves pezas a partir dun esquema harmónico dado. Se pretende verificar a capacidade creativa do alumnado no emprego e na combinación dos contidos estudados, así como a súa achega persoal aos traballos realizados.
- f) Realizar e componden pequenos traballos e obras libres. Preténdese avaliar a capacidade para, a partir das suxestións que esperte no alumnado o contacto analítico e práctico cos procedementos compositivos das distintas épocas, compor pequenas obras libres en que poida desenvolver a súa espontaneidade creativa. Igualmente poderase avaliar a capacidade para extraer consecuencias dos materiais escollidos e resolver os problemas que poida presentar o seu tratamento.
- g) Utilizar nun instrumento polifónico os traballos realizados. Tratarase de comprobar se o alumnado é capaz de empregar un instrumento polifónico como medio de aprendizaxe para constatar sonoramente o escrito e interiorizar o efecto que producen as sucesións harmónicas e os procedementos realizados.
- h) Identificar auditivamente erros en exercicios preparados con nesta finalidade, e propor solución. Preténdese avaliar a habilidade do alumnado para detectar por medio da audición os defectos de

realización ou estilo que poidan aparecer nun fragmento de música, así como a súa capacidade para propor alternativas adecuadas.

- i) Utilizar instrumentos na composición de exercicios ou pequenas obras. Preténdese avaliar o grao de coñecemento dos instrumentos que posúe o alumnado, así como a idoneidade de elección das posibilidades e dos recursos utilizados.
- j) Identificar, mediante o análise, erros en exercicios preparados con esta finalidade, e propor solución. Este criterio permite valorar a habilidade do alumnado para detectar por medio da análise os defectos que poidan aparecer nun fragmento de música, así como a súa capacidade para propor solución adecuadas.

4.- METODOLOXÍA

A materia de Composición se imparte en clase colectiva, 1 hora a la semana. A maior parte dos coñecementos impartiranse según o modelo de clase maxistral. Se combinará esta metodoloxia con establecer espazos no tempo da clase para un traballo individual de cada un dos alumnos de tal forma que o un seguimento personalizado garante un mellor aprendizaxe.

4.1 Principios Metodolóxicos

Os principios metodolóxicos que rixen esta programación son os seguintes:

- **Actividade:** A maior parte dos contidos da materia de composición teñen un carácter procedimental polo que o principio de que os distintos contidos se aprenden facendo tarefas vai implícito na ensinanza desta materia.
- **Autonomía:** o alumnado aprenderá a traballar de forma independente e a tomar decisión por si mesmo, aportando a súa visión individual ó grupo.
- **Creatividade:** calquer actividade das propostas durante o curso tratará de estimular o pensamento e a creatividade, buscando conseguir un aprendizaxe significativo no alumnado.
- **Individualización:** O traballo persoal do alumnado e a dedicación persoalizada do docente a cada alumno, garantizará o respecto que se debe ter tanto, socialmente como afectivamente, a cada alumno.
- **Flexibilidade e diversidade de estratexias didácticas:** co fin de conseguir os obxectivos propostos poderemos realizar as adecuacións precisas na temporalización dos contidos.
- **Convivencia:** Se fomentará en todo momento un clima de cordialidade e respecto entre o alumnado.
- **Significación:** Presentarase todo que se aprende como algo que será útil noutras situación, e que terán aplicación reais.
- **Interdisciplinabilidade:** buscarase que os contidos da materia de composición se poidan relacionar con outras materias currículo para dotalos de unha maior significación.

4.2 Métodos didácticos

Nesta programación tivéronse en conta os seguintes puntos de vista a nivel educativo:

- **Modelo constructivista:** A idea deste modelo de enseñanza é que o coñecemento é unha construción persoal, mediante o cal o alumnado elabora significados propios a partir de coñecementos previos, a través dunha actividade intelectual e práctica.
- **Aprendizaxe significativo:** o alumnado, unha vez adquira certos coñecementos, construírá os seus propios esquemas, de tal forma que añade información nova ós coñecementos que xa tiña previamente.

Á hora de programar as diferentes actividades ó longo do curso deberemos ter en conta:

- Que o alumnado sexa consciente da importancia do traballo individual, o cal deberá facerse unha vez remate a clase colectiva.
- Que os contidos teñan unha secuencia lóxica.
- Que o alumnado teña unha actitude positiva na clase.
- Que os novos contidos se relacionen cos coñecementos previos, para dotarlos de maior significado.

5.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

A diversidade constitúe un valor que enriquece e diversifica a realidade, esixindo no plano educativo unha maior atención por parte do profesorado.

É un feito que os alumnos que acceden o conservatorio presentan diferenzas individuais e non todos eles aprenden ao mesmo ritmo, nin teñen as mesmas capacidades, polo que será labor do profesorado adecuar a práctica docente ás necesidades e características do alumnado.

Para isto se tendrán en conta os seguintes puntos:

- Respetar o ritmo de aprendizaxe de cada alumno.
- Diversificar as actividades para lograr os obxectivos
- Plantexar actividades de diferentes dificultades e integrar os diferentes alumnos no nivel que mais lle convenga a cada un deles.
- Ter en conta as diferenzas individuais e do grupo que se detectaran o principio do curso, na avaliación inicial.
- Potenciar o traballo das actividades para lograr o respecto de todos.

Dar resposta a diversidade, é un punto positivo noso sistema educativo, xa que é obrigación do sistema intentar dar resposta a todos eses alumnos con diversidade, tanto a nivel persoal como a nivel cognoscitivo, tanto por encima como por debaixo da media. Desta forma alcanzaremos unha educación musical comprensiva e de calidade.

6.- TEMAS TRANSVERSAIS

O itinerario de composición tamén aborda os elementos transversais que son da mesma forma abordados dende os resto das asignaturas. É unha oportunidade para reflexionar sobre a dimensión persoal da educación.

6.1 Educación en valores

Os puntos esenciais a ter en conta son os seguintes:

- A educación ambiental: A concienciación sobre a contaminación acústica na nosa sociedade e a importancia do silencio en calquer actividade musical
- Educación para a saúde: a música a través dos seus componentes afectivos e intelectuais, incide de forma positiva no equilibrio persoal e anímico das persoas.
- Educación para a igualdade de sexos: poderase abordar a través da produción musical feminina e as diferentes visións que se teñen dela a longo da historia da música.
- Educación para leer: a asistencia a concertos, audicións, recitais etc fomentará a escoita de música e a lectura de libros relacionados cos traballos de clase.
- Educación moral e cívica: se terá respecto ás normas de convivencia e cordialidade na clase.

6.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

A materia de composición se complementará con a utilización dos recursos pedagóxicos. Utilizaremos as TIC da seguinte forma:

- Utilizando software de edición
- Emprego de materiais audiovisuais.

7.- ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSEÑANZAS

O alumnado da materia de Composición terá dereito a asistir ás actividades culturais que organice o centro. A actividades extraordinarias e complementarias do conservatorio poderán ser as seguintes:

7.1 Actos institucionais

Actos que organice o centro como a acto de apertura do curso académico, concertos benéficos, ciclos de concertos, acto de graduación dos alumnos de sexto curso, etc.

7.2 Cursos e clases maxistras

Tanto os que organice o departamento de composición como os que organice calque outro departamento do conservatorio

7.3 Audicións

As audicións que teñen lugar no conservatorio ó longo do curso serán un punto importante dentro do aprendizaxe do alumnado. Neste sentido se animará os alumnos da materia de composición a asistencia a estas audicións como parte formativa.

8.- SECUENCIACIÓN DO CURSO

8.1 Obxectivos

- Coñecer os principais elementos e precedementos do contrapunto rigoroso e do contrapunto libre, e comprender a evolución das regras históricas, así como a súa relación cos estilos e as épocas
- Utilizar os principais elementos estudados de contrapunto rigoroso e do contrapunto libre
- Compor pequenas obras libres para estimular o desenvolvemento da espontaneidade creativa
- escoitar internamente os elementos e os procedementos estudados, tanto na análise de obras como na realización de exercicios escritos.
- tocar nun instrumento polifónico de forma esquemática os procedementos compositivos básicos estudados.
- tocar nun instrumento polifónico os traballos realizados.
- Coñecer os instrumentos e as súas posibilidades

8.2 Contidos

- Contrapunto e harmonía
- Contrapunto simple
- Cantus firmus
- Normas do contrapunto severo
- Contrapunto a dúas voces: 1ª, 2ª, 3ª, 4ª, e 5ª especie
- Contrapunto a tres voces: 1ª, 2ª, 3ª, 4ª, e 5ª especie
- Contrapunto a catro voces: 1ª, 2ª, 3ª, 4ª, e 5ª especie
- Estudo do canon
- Estudo da imitación
- Estudo da redución orquestal
- Estudo do coral o estilo de J.S.Bach
- Estudo de elementos necesarios para a composición de pequenas pezas mediante un esquema harmónico dado.
- Estudo dos diferentes instrumentos da orquesta e as súas posibilidades

8.3 Avaliación

A avaliación terá un carácter formativo, co fin de detectar as dificultades que surxan ó longo do curso e desta forma poder ofrecer medidas de reforzamento.

Se utilizarán procedementos e ferramentas variadas que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso. Estes precedementos e ferramentas serán determinados polo profesor en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación dunha materia como composición rexirase por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística; a transparencia xa que se aplicarán os criterios de calificación contidos nesta programación didáctica.

8.3.1 Criterios de avaliación

- Demostrar o dominio do alumno no referente á práctica do contrapunto simple a dúas, tres e catro voces, no referente a crear melodías interesantes e equilibradas, así como a destreza na superposición das mesmas.
- Comprobar que o alumno é capaz de empregar un instrumento polifónico para constatar sonoramente o escrito.
- Identificar auditivamente e mediante o análise, diversos erros en exercicios preparados para esta finalidade.
- Realizar cánones por movemento directo a dúas voces e á oitava demostrando a capacidade do alumno para crear liñas melódica interesantes que sexan equilibradas harmónica e contrapuntísticamente.
- Analizar e realizar corais ao estilo de J.S.Bach
- Compoñer pezas breves a partir dun esquema harmónico dado.
- Empregar diferentes instrumento na composición de exercicios.

8.3.2 Mínimos esixibles

- Dominio do contrapunto simple a dúas, tres e catro voces en todas as especies
- Coñecemento e realización do canon á oitava a dúas voces
- Interpretación a un instrumento polifónico dos traballos realizados

8.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

- A observación sistemática, diaria e individual do alumno
- O diario da clase e o rexistro da información da evolución do alumno
- Rexistro e arquivo dos traballos realizados

8.3.4 Criterios de cualificación

- A participación activa na clase suporá un 10% da nota
- A realización de traballos encomendados para casa suporá o 30% da nota
- A realización das diferentes probas escritas suporá o 60% da nota

8.4 Medidas de recuperación

Estas medidas serán necesarias cando o alumno non acade os obxectivos mínimos esixibles ou perda o dereito á avaliación continua por acumulación de faltas. O alumnado perderá a avaliación continua cando acumule 3 faltas en tres meses.

8.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios

O alumnado que perda o dereito a avaliación continua por acumulación de faltas, tera dereito a un exame alternativo ó final de curso, no mes de xuño. Esta proba seguirá o mesmo protocolo que a proba de setembro

8.4.2 Probas extraordinarias de setembro

A proba de setembro destinada ós alumnos que non superasen a materia en xuño consistirá no seguinte:

- Un exercicio de conrapunto sobre os contidos do curso
- Creación dunha coral o estilo de J.S.Bac

8.5 Recursos didácticos

- Pizarra
- Piano
- Equipo de música
- Ordenador
- Partituras